

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES (2022)



Desde o ano 2008, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, e con anterioridad a Delegación de Galicia do COB, presenta a correspondente Memoria Anual ante a Xunta Xeral de colexiados.

Inclúense os apartados informativos derivados da *Ley 25/2009, de 22 de diciembre, de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio (Ley Ómnibus)* e poñerase a información pública na páxina web do Colexio.

Índice:

1. Actividades de defensa da profesión
2. Alegacións presentadas
3. Comisións sectoriais
4. Actividades de formación e xornadas técnicas.
5. Bolsa de Emprego.
6. Servizo de información.
7. Outros servizos colexiais.
8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios.
9. Participacións do COBGA.
10. Varios.
11. Reunións do COBGA.
12. Percepcións membros Xunta de Goberno.
13. Informe anual de xestión económica.
14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo.
15. Información sobre procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución.
16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores.
17. Cambios no contido dos códigos deontolóxicos.
18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito.
19. Estatísticas colexiacións.
20. Información estatística sobre a actividade de visado.
21. Información estatística sobre a actividade de rexistro de traballos profesionais.

1. Actividades de defensa da profesión

As accións de defensa da profesión xa foron informadas de forma pormenorizada na páxina web do Colexio e nos boletíns informativos periódicos e estiveron suscitadas por:

2.1. Relación de Postos de Traballo-RPTs XUNTA.

2.1.1. En relación coa proposta de modificación da RPT da Consellería de Medio Ambiente, o COBGA enviou escrito a Dirección Xeral de Función Pública da Xunta apoiando as reivindicacións presentadas pola Asociación Profesional de Biólogos da Xunta de Galicia.

2.1.2. En relación á modificación da RPT da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, o COBGA enviou escrito á propia Consellería apoiando as reivindicacións presentadas pola Asociación Profesional de Biólogos da Xunta de Galicia.

2.1.3. Foxemos alegacións a proposta de Relacións de Postos de Traballo (RPT) proposta para a entidade pública empresarial Augas de Galicia. Enviamos alegacións a proposta de modificación da RPT de Augas de Galicia aos sindicatos, a Función Pública da Xunta e a Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade da que depende a entidade pública.

2.2. Concello de Curtis-obradoiro de emprego "TERRAS DA MONTAÑA IV. Presentamos RECURSO contra las bases dos procesos selectivos do alumnado- traballador e persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro de emprego "TERRAS DA MONTAÑA IV, publicadas no BOP de 22/8/2022. Nas bases para a selección de persoal director e docente en actividades auxiliares en conservación e mellora de montes e actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería exclúese a titulación en bioloxía, mentres que o RD 682/2011, do 13 de maio (que regulan os certificados de profesionalidade da familia profesional que se inclúen no repertorio nacional de certificados de profesionalidade que resulta aplicable), dispoñen como requisito de titulación licenciado + experiencia, e o RD 1375/2008, do 1 de agosto (que regula os certificados de profesionalidade da familia profesional agraria que se inclúen no repertorio nacional de certificados de profesionalidade), que resulta aplicable, admite explicitamente como requisito de titulación licenciado en bioloxía, o que permite entender que a titulación en Bioloxía debería estar incluída. [24/08/22]

2.3. Comisión do Medio Mariño.

2.3.1. Dentro da comisión creouse o Grupo de Traballo "Observadores Pesqueiros". A finalidade sería redactar un informe sobre: situación actual, situación noutros países, lexislación, medidas propostas, para no seu caso transmitírselo ao CGCOB. O 4 de abril realizouse unha reunión (on line) na que participaron 21 interesados/as en aportar a súa experiencia para intentar mellorar esta actividade profesional. Comentouse a situación actual e as posibles melloras (Salarios, cotizacións, formación, ...). [04/04/22]

2.3.2. O COBGA solicita Coeficientes reductores para os observadores pesqueiros. Solicitamos oa Grupos Parlamentarios no Congreso de los Diputados que se teña en conta ao colectivo dos observadores de pesca u observadores científicos inclua expresamente entre os beneficiarios dos coeficientes reductores na tramitación do proxecto de Ley de Pesca Sostenible e Investigación Pesquera [25/05/22]

2.3.3. O COBGA e o COBCAN trasladamos ao Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos o documento base "Propuestas para la mejora de las condiciones de trabajo de los/as Observadores/as Científicos/as Marinos/as", para que o tramite ante o Ministerios competentes, coas reivindicacións dos Observadores/as Científicos/as Mariño/as. [01/07/22]

2.4. Concello de Nigrán.

2.4.1. Remitimos Recurso de Reposición contra a Resolución do Concello de Nigrán pola que se aproban as bases e convocatoria para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Técnico/a en Medio Ambiente. Nas bases, establécense os requisitos, no punto 2.F, indícase "estar en posesión do título de licenciatura en CC Ambientais". No Recurso solicitamos a inclusión da nosa titulación entre os requisitos. [06/06/22]

2.4.2. Con data de 14 de xuño responden ao noso recurso de reposición co seguinte: "Á vista de canto antecede, realizando unha análise ampla da situación, non se aprecia que as competencias adquiridas por un titulado no grao en Bioloxía ou equivalente resulten alleas ás funcións que habitualmente debería desenvolver un técnico de medio ambiente nunha administración municipal, competencias que ademais deben acreditarse na fase de oposición do proceso selectivo. RESOLVE: -Estimar o recurso de reposición interposto por D. José Antonio Fernández Bouzas, en representación do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, -Modificar o apartado f) que pasa a ter a seguinte redacción: f) Estar en posesión ou en condición de obter o seguinte título académico: Licenciatura en Ciencias Ambientais, grao en Medio Ambiente, grao en Bioloxía ou equivalente. -Proceder a unha nova publicación das bases reguladoras do proceso selectivo coa rectificación exposta no apartado anterior e abrir un novo prazo de presentación de instancias polo mesmo prazo concedido inicialmente." [15/06/22]

2.6. Presentamos unha reclamación/consulta sobre a Licitación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,

"Servizo para a elaboración de documentos técnicos de identificación das principais ameazas dos valores naturais do medio acuático continental orixinadas por actuacións antropóxicas en Galicia e proposta de medidas para mellorar o seu estado de conservación, cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020. Expediente número 68/2021 PN". No prego o director técnico tiña que ter a titulación de "Enxeñaría de Montes, Enxeñaría Agrónoma ou titulacións equivalentes". Feita a nosa consulta/reclamación na que indicábase que "Tanto as accións para desenvolver polo Técnico, como as funcións que se atribúen ao devandito posto cumpreas a titulación de Biólogo, porque así o avala o contido curricular dos estudos

universitarios e a práctica profesional" o 31/01/22 responden que "aos efectos deste contrato en particular, considerarase que a titulación de Biólogo é equivalente".

2.7. Intrusismo profesional. Publícanse as AIA de Parques eólicos. Remitimos escritos ás Xefaturas Territoriais correspondentes da Consellería de Economía, Industria e Innovación nos casos nos que o estudo está firmado por un biólogo/a e non se indica o número de colexiado/a. *"por falla ou defectuosa identificación do asinante no relativo a súa pertenza a corporación profesional"*.

2. Alegacións presentadas

2.1. Descentralización do Instituto Español de Oceanografía. Remitimos escrito á Sr. D^a Diana Morant Ripoll, ministra de Ciencia e Innovación solicitando "reconsidere su decisión y se reúna con el sector con el fin de consensuar una distribución de las sedes justa y proporcional a la realidad pesquera de de nuestra comunidad" (04/05/2022).

2.2. AS CIENCIAS PERDEN, PERDEMOS TODOS. Tras a publicación da concreción da distribución de horas por materias, sen poder analizar os currículos educativos das materias (só existen a nivel estatal) a conclusión é: As ciencias perden, perdemos todos! Nunha sociedade en pandemia con colectivos con pouca análise crítica e científico, que denostan as fontes oficiais e incluso mesmo a propia ciencia (antivacinas, etc), a Administración Pública baixa en todos os cursos o número de horas de ciencias. Análise por cursos da etapa obrigatoria (ESO e Bacharelato) en canto á distribución de horas. [[Más información](#)]

2.3. Lei de Protección Animal. A través do CGCOB enviamos as observacións achegadas polos/as colexiados/as.

3. Comisi3ns sectoriais

As Comisi3ns sectoriais son instrumentos de participaci3n colexial para asesorar, ser foro de debate, colaboraci3n, apoio 3 formaci3n, etc.

Comenzamos o presente ano coas convocatorias das diferentes comisi3ns do Colexio. as reuni3ns foron on line.

A Orde do D3a xeral foi:

- Situaci3n actual e problem3tica
- Perpectivas de futuro
- Necesidades de formaci3n

3.1. Sanidade. Reuniuse o 29/09/22. Contou coa asistencia de 10 colexiados/as, falouse das Mencions Sanitaria e de Xen3tica, do consello xen3tico e outros temas de inter3s dentro da profesi3n.

3.2. Procesos Industriais (inclúe alimentaci3n). Reuniuse o 06/10/22. Contou coa presenza de 7 colexiados/as. Falouse de actividades de promoci3n da profesi3n neste 3mbito, necesidades de formaci3n e a posibilidade de promover unha menc3n en alimentaci3n.

3.3. Sector Ambiental. Reuniuse o 13/10/22. Contou coa asistencia de 19 colexiados/as. Falouse da necesidade de que os estudos ambientais estean asinados por profesionais, de que na administraci3n haxa mais bi3logos analizando estes estudos e a valizaci3n da nosa profesi3n neste 3mbito.

3.4. Asuntos Laborais (inclúe funci3n p3blica). Reuniuse o 10/11/22. Contou coa presenza de 6 colexiados/as. Falouse de temas relacionados coa Funci3n P3blica, da necesidade de alegar 3s modificaci3ns das RPTs, prop3nse formaci3n en h3bitats prioritarios.

3.5. Educaci3n e Divulgaci3n (inclúe educaci3n ambiental). Reuniuse o 1/12/22. Contou coa presenza de 6 colexiados/as. Falouse de educaci3n no ambito da secundaria e da universidade, na secundaria se falou dos curr3culos, o incremento do contido pero coa reducci3n das horas, da necesidade de divulgaci3n cient3fica desde a universidade a secundaria, de charlas dirixidas aos docentes e visitas as facultades.

4. Actividades de formación e xornadas técnicas

Unha das funcións do COBGA especificadas nos seus Estatutos é a de organizar cursos para procurar a formación permanente e calquera outro tipo de actividades para o desenvolvemento profesional dos biólogos.

4.1. BIODEMECUM Seguimos potenciando a as actividades de formación as través da oferta da plataforma de formación on line dos COBs, BIODEMECUM. O presente ano participamos na reunión on line na que tratáronse as posibles melloras na plataforma, oferta de cursos, etc. Enviouse unha enquisa de necesidade de formación dos/as biólogos/as, na cal os/as colexiados/as galegos/as tiveron unha ampla participación.

4.2. Xornada de Formación para Opositores/as de Ensino Secundario de Bioloxía.

O 18 de novembro celebramos a Xornada de Formación para Opositores/as de Ensino Secundario de Bioloxía Na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Luis Fernández (on line) ofreceu un repaso xeral as convocatorias, Ana Penas falou da súa experiencia como opositora e actualmente xa funcionaria e Natalia Fernández explicou o punto de vista do tribunal, finalmente os/as asistentes fixeron as correspondentes preguntas aos relatores.



4.3. Xornada saídas Profesionais na USC 2022-23. O pasado 21 de outubro estivemos na Xornada de Saídas Profesionais na Facultade de Bioloxía USC. Participaron Jesús Angel López Decano da Facultade, Pablo Fernandes Xerente do COBGA, Ismael Oliveira de Agalterra S. Coop. Galega e Jose Gomez Facultativo no SERGAS.

4.4. Xornada saídas Profesionais na UVIGO. Celebramos a xornada o pasado 5 de maio, na Facultade de Bioloxía, coa prsenza da Decana de bioloxía Mercedes Gallardo, o Vicedecano do COBGA Pedro Pablo Gallego, e como ponentes participaron José Yriarte qu e falou do BIR, Manuel Rodríguez que falo a Xestión dos residuos e Tania Ballesteros que falou da Investigación en recursos mariños e acuicultura

4.5. Xornada saídas Profesionais na UDC. Celebramos a xornada na Facultade de Ciencias, coa presenza do Decano Andrés, o pasado 22 de abril, participaron por parte do Colexio: David Velasco que falou do BIR, Xiana Pérez embriólogo e Pablo Fernandes Xerente do COBGA.

4.6. Curso de Iniciación ao Naturalismo O 27 e 27 de marzo celebrouse o curso organizado polo COBGA coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, realizaron as correspondentes prácticas no PN Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carrexal e Vixán. [26/03/22]

5. Bolsa de Emprego

Enviáronse ou publicáronse 724 ofertas del sector público (547) e privado (177), unha media de 15 por mes no sector privado e 45 no público. Fundamentalmente relacionadas cos sectores: Investigación (pre e postdoc), calidade, ambiental, marino, sanidade, agroalimentario, educación, gestión, PRL, comercial, farmacéutico, sector público. etc. A meirande parte das recibidas inclúense nos NOVAS (cunha media de 14 en cada edición), xa que os ofertantes prefiren a máxima difusión delas.

6. Servizo de información

6.1. NOVAS COBGA.

En 2022 o boletín informativo mensual (NOVAS COBGA) mantivo 12 edicións que foron colocándose puntualmente cada mes na nosa web de maneira reservada aos Colexiados (e enviadas vía e-mail tamén) e cunha media de 35 páxinas. Contén as seccións habituais: A Xunta de Goberno informa; Emprego; Bolsas, Axudas e Subvencións; Premios; Actividades de formación; Congresos, Simposios, Reunións, Xornadas...; Recursos na Rede; Varios; Ofertas a Colexiados/os; Lexislación.

6.2. NOVAS Semanais

Os venres envíase esta folla informativa coas novidades da semana en curso, cunha media de 10 páxinas. 38 edicións.

6.3. PRE NOVAS. Enviamos o boletín os mércores co adianto da información semanal.

6.4. Páxina web.

Visitas en 2022. 37.365; Directorio: 2.946; NOVAS COBGA e NOVAS Semanal: 6.068 visitas

6.5. Redes Sociais.

- Facebook:

Publicacións: 209; "Me Gusta" (novos) na Páxina: 117; Alcance: 112.250

- Twitter: Tweets: 264; Impresións de Tweets: 129.879; Novos seguidores: 192

- Linkedin: Contactos: 4.088 (31/12/22, +449)

- WhatsApp: Actualizamos os nosos medios de contacto incluíndo este servizo de Co noso teléfono como contacto (981531440)

<https://api.whatsapp.com/send?phone=34981531440>

7. Outros servizos colexiais

En 2022 os colexiados beneficiáronse de descontos negociados con novos provedores de:

7.1. Convenio Amicos. Asinamos un convenio con Amicos, entidade de inserción laboral, mediante o cal os/as colexiados/as interesados/as en recibir asesoramento gratuito para o emprego a cargo dun dos seus (redacción de CV, cartas de presentación, preparación de entrevistas de traballo, etc).



7.2. AGALTERRA S. Coop. Galega

Consultoría especializada na xestión ambiental de empresas e na elaboración de estudos técnicos. Con experiencia traballando con entidades públicas, en avaliación ambiental, formando a profesionais, na xestión da contaminación, etc. Ofrecemos aos nosos compañeiros biólogos colexiados un 10% de desconto nos nosos servizos. [Máis información](#)



7.3. GoBIR

GoBIR, entidade dedicada a la preparación de la prueba de acceso a la Formación Sanitaria Especializada BIR (Biólogo Interno Residente), ofrece a los/as colegiados/as del COBGA un descuento sobre el precio normal de inscripción en sus actividades de formación/servicios. [Máis información](#)



7.4. Fundación General de la Universidad de Salamanca

Fundación General de la Universidad de Salamanca ofrece un descuento del 15% sobre el precio de la matrícula ordinaria en sus actividades online sobre seguridad y calidad alimentaria. [Máis información](#)



8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios

- **Presentación de resultados e intervención artística do Proxecto Stop and Help! Que o lixo non chegue ao mar.** [31/10/22] [\[nota de prensa\]](#)
- **Voluntarias e voluntarios convocadas polo COBGA retiran máis de 28 quilos de lixo mariño de praia América** [20/10/22] [\[nota de prensa\]](#)
- **Medio cento de persoas voluntarias convocadas polo COBGA retiran 20 quilos de lixo mariño da praia de Camposancos** [26/09/22] [\[nota de prensa\]](#)
- **El COBGA lidera una iniciativa para fomentar la conservación del patrimonio natural del Camino Portugués de la costa** [19/09/22] [\[nota de prensa\]](#)
- **El COBGA y el COBCAN han trasladado al Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos el documento base "Propuestas para la mejora de las condiciones de trabajo de los/as Observadores/as Científicos/as Marinos/as", para que lo tramite ante los Ministerios competentes, con las reivindicaciones de los Observadores/as Científicos/as Marinos/as.** [01/07/22] [\[nota de prensa\]](#)
- **O COBGA solicita Coeficientes reductores para os observadores pesqueiros.** [25/05/22] [\[nota de prensa\]](#)
- **Día do Biólogo 2022.** [05/05/22] [\[nota de prensa\]](#)
- **Descentralización del Instituto Español de Oceanografía.** [05/05/22] [\[nota de prensa\]](#)
- **AS CIENCIAS PERDEN, PERDEMOS TODOS.** [27/04/22] [\[nota de prensa\]](#)
- **XVII Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega), Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña** [18/02/22] [\[nota de prensa 1\]](#) [\[nota de prensa 2\]](#)

9. Participacións do COBGA

O Colexio estivo presente en diversos actos académicos e doutros tipos.

9.1. Toma de posesión do reitor da Universidade de Santiago de Compostela.

O 22 de marzo asistimos a toma de posesión do reitor da Universidade de Santiago de Compostela D. Antonio López, desexámoslle o maior dos éxitos no seu labor.

9.2. Premios Unión Profesional. O 27 de maio.

UP entregou o 27 de maio de 2022, na Capela Real do Hostal dos Reis Católicos en Santiago de Compostela os seus Premios Profesional Colexiado de 2020 e 2021. 37 profesionais vinculados a 22 diferentes profesións recibiron un galardón que trata de recoñecer "a excelencia dos/as profesionais colexiados/as que exercen ou exerceron a súa profesión en Galicia".

Ao acto de entrega de premios, ademais dos representantes dos colexios integrados en

Unión Profesional de Galicia, acudiron a conselleira do Mar, Rosa Quintana.

No 2020 foi premiado o biólogo Xacobo de Toro Cacharrón e no 2021 os/ as Biólogos/ as Sanitarios/ as Colexiados/ as, recolleu o premio en representación destes Pelayo Míguez Baños (exdecano do COBGA).



9.3. Dobre Grado en Química e Bioloxía. Diana Valverde vogal do COBGA asistiu ao acto de graduación.

9.4. Acto de Graduación da X promoción do Grao en Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela. O 11 de xuño Fernando García Tesoureiro,

participou no acto que celebrouse no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, en Santiago de Compostela.

9.5. Acto de Graduación da X promoción de Grao en Bioloxía da Universidade de Vigo. O Decano D. José

A. Fernández asistiu o 1 de xullo ao Acto de Graduación da X promoción de Grao en Bioloxía da Universidade de Vigo, o acto foi clausurado polo rector da Universidade D. Manuel Joaquín Reigosa



9.6. Premios Árbol Europeo do Ano 2022. O Concello de Santiago de Compostela invítounos a entrega de premios no que participou o Carballo de Conxo, quedando no segundo posto.

9.7. A ciencia ten a mellor resposta. Asistimos no Pazo de Fonseca ao acto "a ciencia ten a mellor resposta" no que os colexios profesionais sanitarios queren transmitir a cidadanía a mensaxe da importancia de guiarse pola mellor evidencia científica disponible. Sesenta entidades entre facultades, colexios profesionais e academias científicas do ámbito sanitario de Galicia subscribiron un manifesto baixo o título "As respostas están na ciencia", no que nos ofrecemos como fonte de información activa e fiable, baseada na evidencia científica e o coñecemento máis consolidado. Manifesto



[https://www.biologosdeg Galicia.org/pdf/MANIFESTO As respostas estan na ciencia GAL.pdf](https://www.biologosdeg Galicia.org/pdf/MANIFESTO%20As%20respostas%20est%C3%A1n%20na%20ciencia%20GAL.pdf)

9.8. UNIÓN PROFESIONAL DE GALICIA. Andrés Pilas (vogal) asistió, o pasado 25 de outubro, en representación do COBGA na Xornada "Convenio 190 OIT sobre violencia no traballo desde a visión dos Colexios Profesionais", organizado pola Unión Profesional de Galicia en colaboración coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

9.9. Xunta Xeral Unión Profesional. O 30 de decembro. Asistimos a Xunta Xeral ordinaria onde se trataron temas de interés para as profdfeiones colexiadas.

10. VARIOS

10.1. Guía de Peritos e Mediadores da Unión Profesional de Galicia:

Como todos os anos a Unión Profesional de Galicia edita a Guía de Peritos e Mediadores, na que se inclúen os datos de 32 colexiados/as na guía de peritos e 1 na de Mediadores, que solicitaron a súa inclusión.

10.2. Guía de Peritos. A petición do do Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 1 do Barco, remitimos o listado de peritos do Colexio para analizar un dano ocasionado sobre a calidade das augas.

10.3. Fase Autonómica Galega da Olimpíada de Bioloxía. Rematou o 19 de febreiro na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña a proba correspondente á Fase Autonómica Galega da Olimpíada de Bioloxía. Esta foi xa a decimosetima edición do certame e nela participaron 30 estudantes seleccionados previamente de os 168 inscrito na proba on line celebrada o 4 de febreiro.

Resultaron gañadores e representarán á nosa comunidade na fase nacional, que se celebrará en Oviedo, na Universidad de Oviedo, do xoves 31 de marzo ao domingo 3 de abril.

1º Paulo Joaquín García Elexpuru IES Carlos Casares (Viana do Bolo)

2º Vicente Bermúdez de Castro Rey IESP Eusebio da Guarda (A Coruña)

3º Denis Iglesias Montes IES Aller Ulloa (Lalín)

Os 3 seguintes substituirán aos primeiros en caso de non poder asistir

4º Martín Romero Muñiz IESP Eusebio da Guarda (A Coruña)

5º Carolina Balado Puentes IES Concepción Arenal (Ferrol)

6º Jeyko Maneiro Sanisidro IES Espiñeira (Boiro)



Paulo Joaquín García Elexpuru IES Carlos Casares (Viana do Bolo) foi medalla de prata na XVII Olimpiada de Biología e, polo tanto, representou a España na XV Olimpiada Iberoamericana de Biología 2022-OIAB 2022 (Lima-Perú).

10.4. Reunión informativa Ley 20/2021. O pasado 16 de xuño celebrouse a reunión informativa sobre os procesos de estabilización do persoal temporal en aplicación da Lei 20/2021, de redución da temporalidade, o avogado do colexio Fernando Escariz comentou os aspectos máis salientables da Lei 20/2021 e do proceso de estabilización e os/as colexiados/as participantes fixeron consultas sobre a implicación do proceso nas prazas en Educación, Xunta, Entes instrumentais, etc

10.5. Convenio Consellería De Cultura, Educación E Universidade. Renovamos o Convenio de Colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade co que se se compromete a apoiar a Olimpiada de Bioloxía, organizada pola OEB (Olimpiada Española de Biología) e o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia. Entre outros compromisos está o de recoñecer ao profesorado participante con 15 horas de formación (25 horas para os asistentes a fase nacional).

10.6. Stop and Help! Que o lixo non chegue ao mar. Proxecto impulsado polo COBGA, que forma parte do programa O teu Xacobeo da Xunta de Galicia, e cuxo principal obxectivo consiste en fomentar a conservación do patrimonio natural a través dunha serie de xornadas de limpeza de lixo mariño desenvolvidas en diferentes praias e enclaves costeiros de varios dos concellos atravesados polo Camiño Portugués da Costa.

Foron preto de 200 as persoas voluntarias que colaboraron nas diferentes actuacións de retirada de refugallo mariño nos concellos de A Guarda, o Rosal, Baiona e Nigrán, tanto pertencentes a asociacións do terceiro sector, entre as que é preciso destacar Alento, Avelaíña, ANABAM, a Asociación San Xerome Emiliani, A Jalleria, o Consello Climático Xuvenil de A Guarda, Cruz Roja Baixo Miño, como estudantes, profesoras e profesores do CEP Sabarís de Baiona e do IES Antón Losada Diéguez de A Estrada, así como tamén representantes dos mencionados concellos.



Polo que respecta aos residuos, en total, no conxunto das catro limpeza desenvolvidas, conseguíronse recoller máis de 310 quilos, tanto de orixe marina como continental. Entre os primeiros destacaron moitos utensilios extraviados durante o exercicio das actividades económicas desenvolvidas no mar, como os tarugos plásticos das bateas, as boias (27), ou os restos de cabos (271) e sedelas enmarañadas (90), mentres que nos segundos non faltaron outra serie de obxectos típicos que adoitan a recollese neste tipo de actividades, como poden ser os bastonciños de limpar os oídos (305), as cabichas (1645), os tapóns (245), os botes e botellas (120), así coma outra serie de envoltorios e plásticos indeterminados (1640), por citar tan só algúns.

Celebruse unha xornada de peche do proxecto. No acto, no que estiveron presentes a delegada territorial en Vigo da Xunta de Galicia, Marta Fernández-Tapias, o decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, José A. Fernández Bouzas, e o seu xerente, D. Pablo Fernandes Alonso, contou tamén coa participación de Saleta González Pimentel xerente de Equilátero DSC e Carme Hermo Sánchez e Antón Sobral Iglesias, artistas de recoñecido prestixio que tamén participaron no proxecto.



A xornada completouse coa presentación dunha obra de arte dirixida por Carme Hermo en colaboración con Antón Sobral e realizada polas alumnas e alumnos de primeiro curso do Bachelorado de Artes do IES Frei Martín Sarmiento de Pontevedra con parte dos residuos recollidos durante as diferentes actuacións de limpeza, unha peza titulada "Mundo lixo" que ficará exposta no Centro de Visitantes do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, no edificio Cambón,

coa finalidade de servir de memoria viva na loita contra os lixos mariños e as súas nefastas consecuencias sobre o medio ambiente.

Ademais, o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia doará tamén ao Parque Nacional, un determinado número de pés de diferentes tipos de especies arbóreas autóctonas co fin de compensar todas as emisións de CO₂ xeradas polos diversos desprazamentos realizados ao longo do proxecto,

Info: <https://www.biologosdegalicia.org/stop-and-help.html>

10.7. Modernización tecnolóxica do Colexio. O Colexio foi adxudicatario o presente ano dunha axuda da Deputación da Coruña, para a actualización de equipos informáticos e o programa de xestión do colexio, dentro do programa FOENIA- Convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades para investimentos de promoción económica, durante o ano 2022 (Expediente nº: 20220000147069), por un importe de 6565,45 euros. A axuda perm itiu a compra de dous ordenadores para a sede colexial e o substitución do programa de xestión de colexiados/as pola plataforma E-gestión. Na presentación, desenvolvemento e difusión social do proxecto foi empregada a lingua galega.



**Deputación
DA CORUÑA**

11. Reunións do COBGA

O COBGA celebra as súas reunións propias e participa nas dos organismos dos que forma parte.

11.1. Día do Biólogo. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) celebrou o 13 de maio o Día do Biólogo 2022. Foron recoñecidos os/as colexiados/as que levan 25 anos inscritos/as. Tamén entregáronse o premios: Bióloga/o do Ano, Empresas e Institucións do Ano e Membros de Honra

- Bióloga/o do Ano:

A D^a Marisa Castro Cerceda polo seus mais de 30 anos de traballo na investigación e divulgación no eido da micoloxía.

A D. Pablo Ramil Rego polo seus mais de 30 anos de traballo como botánico experto en ordenación do territorio, economía circular, lexislación ambiental e xestión de espazos protexidos.

- Premios Gran Empresa /Institución

Ao Grupo Zental pola contribución da compañía desde a súa fundación, no ano 1939, á investigación e desenvolvemento de produtos inmunolóxicos e en especial de vacinas humanas e veterinarias, tanto clásicas como de tecnoloxía recombinantes e en recoñecemento do importante número de biólogos/as que traballan nela. Recolleu o premio D. Andrés Fernández Álvarez-Santullano, Director General del Grupo Zental.

Ao INTECMAR en atención especialmente ao seus mais de 20 anos de traballo no control da calidade do medio mariño e control técnico-sanitario dos produtos do mar. Recolleu o premio D^a Covadonga Salgado Blanco, Directora do Intecmar.

- Premios PEME/Institución

A AllGenetics polos seus traballos punteiros en estudos xenómicos mediante o emprego da bioinformática e técnicas de secuenciación xenéticas, tanto a nivel nacional como internacional e en recoñecemento do importante número de biólogos/as que traballan nela. Recolleu o premio D. Antón Vizcaino Hermida, Director do Laboratorio AllGenetics.

A Investigal en atención especialmente ao seu compromiso en prol do sector da investigación en Galicia. Recolleu o premio D^a Elena Lendoiro Belío Presidenta de Investigal.

- Membros de Honra

A D^a Mercedes Casal Jiménez pola súa relevante e notoria contribución ao desenvolvemento da profesión de biólogo como Decana do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, impulsando a profesión e a colexiación na nosa Comunidade e establecendo as bases do que é o Colexio actual.

A D. Pelayo Míguez Baños pola súa relevante e notoria contribución ao desenvolvemento da profesión de biólogo como Decano do Colexio Oficial de Biólogos



de Galicia, levando ao Colexio a ser referente dentro dos Colexios de Biólogos a nivel nacional.

Finalmente, viviuse un emotivo momento ao facer entrega o Decano dunha placa ao ex-xerente do COBGA, D. José Manuel Meléndez Ferro, en agradecemento polos seus máis de 25 anos aa frente da oficina colexial

11.2. Xunta de Goberno e Xunta Xeral Ordinaria do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA).

12.2.1. Celebrouse a Xunta de Goberno preparatoria da Xunta Xeral Ordinaria do COBGA

12.2.2. Xunta Xeral Ordinaria do COBGA celebrouse o día 29 de abril, na sede colexial de Santiago (Banquete de Conxo, 6- baixo), tratáronse temas ordinarios de xestión (contas, memoria, orzamentos).

11.3. Plenos do Consejo General de Colegios de Biólogos e Conferencia de Decanos de Bioloxía.

12.3.1. O Decano, José A. Fernández, participou no Pleno de 28 de maio celebrado en Barcelona e o Pleno de 19 de novembro. Neles se trataron asuntos de interese para a profesión (menciones sanitaria e de medio ambiente entre outros).

12.3.2. O Vicedecano Pedro Pablo Gallego participou na reunión da Conferencia Española de Decanos de Bioloxía de 29 de abril celebrado en Barcelona. Nela se trataron asuntos de interese para a profesión.

11.4. Comisión de Sanidad do CGCOB. Diana Valverde (vogal) participou nas reunións (on line) da comisión de sanidade do CGCOB de 22 de febreiro e 19 de setembro, onde se trataron asuntos de interese para a profesión (como a mención sanitaria)

11.5. Comisión de Medio Ambiente do CGCOB. O Decano, José A. Fernández e Pablo Ramil participaron na reunión da citada comisión de 28 de xuño, e Pablo Ramil ademais na de 20 de outubro, onde se trataron asuntos de interese para a profesión (como a mención ambiental).

12. Percepcións membros Xunta de Goberno

Os membros da Xunta de Goberno do COBGA non perciben ningunha remuneración en concepto de soldo nin de honorarios por asistencia ás reunións da Xunta de Goberno, da Xunta Xeral nin de ningún outro tipo. Só teñen dereito a recuperar o diñeiro que adiantan nos seus desplazamentos ás reunións colexiais como kilometraje, dietas ou aloxamento.

Viaxe Pleno CGCOB (Barcelona) 28/05/22	José A. Fernández	45,80 euros
Viaxe Pleno CGCOB (Madrid) 29/11/22	José A. Fernández	435,7 euros
Viaxe CGCOB-CEDB (Barcelona) 29/04/2022	Pedro Pablo Gallego	168,15 euros

Estes gastos foron reingresados polo CGCOB.

José A. Fernández (Olimpiada bioloxía, Acto de Graduación UVIGO)	174,70 euros
Fernando García (Acto de Graduación USC)	34,26 euros

13. Informe anual de xestión económica

Disponible na información da Xunta Xeral

14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
- Cota inscrición licenciados antes de 1 ano	15,00
- Cota inscrición licenciados despois de 1 ano	35,00
- Cota semestral colexiación normal	75,00
- Cota semestral colexiación normal reducida (<12 meses desde a titulación)	37,50
- Cota semestral colexiación reducida	30,00
- Cota xubilados/as	0
- Compulsas colexiados	0,15
- Visado colexial	Segundo o Regulamento de Visado
- Inscrición Rexistro traballos profesionais	0,1B (252,73 €) + IVE
- Impresos certificados oficiais (xogo de 3 exemplares)	6,31

15. Información sobre procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución.

- Ao longo do ano 2022 non se produciron procedementos informativos ou sancionadores.

16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores e usuarios ou as súas organizacións representativas.

- Ao longo de 2022 non se produciu ningunha queixa ou reclamación de dita especie.

17. Cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos.

Código Deontolóxico. No Pleno do Consejo General de Colegios Oficiais de Biólogos (CGCOB) do 12 de xuño de 2021, aprobouse o Código Deontolóxico do Biólogo, en aplicación do Artigo 4.3 dos estatutos corporativos (Orden do 14 de mayo de 2001. BOE

número 124 do 24 de maio de 2001), que inclúe entre as súas funcións e en relación coa finalidade de orientación e vixilancia deontolóxica do exercicio profesional:

a) Establecer as normas deontolóxicas xerais ordenadoras do exercicio da profesión de Biólogo, as cales terán carácter obrigatorio, e aplicar ditas normas, velando pola súa observancia e uniforme execución.

b) Coidar ou promover a difusión da imaxe adecuada da profesión de Biólogo e da divulgación dos avances da Bioloxía que estean cientificamente avalados.

c) Perseguir a competencia ilícita, velando pola dignidade e decoro do exercicio profesional, vixiando a plena efectividade das disposicións que regulan as incompatibilidades e exercitando as accións legais precisas contra o intrusismo e a clandestinidade no exercicio da profesión."

Estas funcións emanan da Ley 2/1974, do 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais, que no seu Artigo 5 no que se establecen as funcións dos colexios profesionais inclúese no seu apartado i):

"i) Ordenar no ámbito da súa competencia, a actividade profesional dos colexiados, velando pola ética e dignidade profesional e polo respecto debido aos dereitos dos particulares e exercer a facultade disciplinaria na orde profesional e colexial."

No desenvolvemento do Código Deontolóxico participaron por parte do COBGA Mercedes Casal y Jorge José Pérez.

<https://www.biologosdegalicia.org/pdf/Codigo-Deontologico.pdf>

18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito de intereses en que se atopan os membros da Xunta de Goberno.

- Ao longo de 2022 non se produciron incompatibilidades ou conflitos de intereses entre os membros da Xunta de Goberno. Está previsto iniciar a redacción de ditas normas.

19. Estatísticas colexiacións.

- En 2022 producíronse 42 altas (7 tipo B, 34 tipo C, 1 cota 0) e 65 baixas, 2 traslados e 3 falecementos. O activo a 31/12/2022 é de 1.268 colexiados/as.

20. Información estatística sobre a actividade de visado.

- En 2022 non foi sometida ao trámite de visado colexial ningunha memoria de traballo profesional.

21. Información estadística sobre a actividade de rexistro de traballos profesionais.

- En 2022 non foi sometida ao trámite ningunha memoria de traballo profesional.